



**Resolución do 8 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa “Espazos Maker” para centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2018/19**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) establece, no seu artigo 1, como un dos principios básicos que inspira o sistema educativo o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

O artigo 105 desta lei, establece que as administracións educativas favorecerán o recoñecemento do labor do profesorado dos centros públicos, atendendo á súa especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa.

O novo marco curricular do sistema educativo galego trata de garantir que o alumnado adquira non só coñecementos curriculares senón, tamén, que acade as competencias clave para o seu pleno desenvolvemento persoal e social. Para isto faise necesario utilizar estratexias metodolóxicas activas, recursos que o alumnado identifique como motivadores e próximos á súa realidade tecnolóxica e un enfoque interdisciplinar da aprendizaxe.

Neste senso, os espazos maker poden xogar un papel destacado xa que permite traballar as áreas de Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas (STEM nas súas siglas en inglés) de xeito integrado a través de calquera das materias do currículo e axudar a adquirir as competencias transversais necesarias no século XXI.

De acordo co anteriormente exposto,

DISPÓÑO:

Primeiro. *Obxecto*

Esta resolución ten como obxecto convocar a selección dun máximo de ata 10 centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación para participar no programa de innovación educativa “Espazos Maker” durante o curso 2018/19.

Cada centro docente seleccionado recibirá unha achega económica de 2.000 €. O importe total da aportación económica aos centros será de 20.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.50.423A.229 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dos orzamentos do 2018.

Esta dotación económica é incompatible con calquera outra destinada ao mesmo proxecto obxecto desta convocatoria.



### Segundo. *Destinatarios*

Poderán presentar solicitudes aqueles centros docentes públicos da Consellería de cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou bacharelato.

Poderá participar neste programa o profesorado que, preferentemente, imparta docencia en educación secundaria ou bacharelato en calquera especialidade durante o curso 2018/19.

Este programa vai dirixido ao alumnado que curse educación secundaria obrigatoria ou bacharelato durante o curso 2018/19.

### Terceiro. *Características do programa*

O programa “Espazos Maker” pretende a creación nos centros educativos, de lugares que fomenten a creatividade e a formación de alumnado nun contexto de aprender facendo. Está baseado na aprendizaxe activa e manipulativa, a aprendizaxe baseada no deseño, a solución de problemas e a aprendizaxe entre iguais.

Estes espazos funcionarán como centros de actividades nos que mediante distintas dinámicas como obradoiros tanto alumnado como profesorado, e no seu caso as familias, poden desenvolver proxectos mediante a experimentación, o prototipado e a construción. Poden ser desde pequenas prácticas de investigación a proxectos baseados na abordaxe de problemas reais, incluso cun enfoque *Fab Lab* de fabricación e innovación a pequena escala.

Cada centro educativo ao que vai destinado esta convocatoria, dentro da súa autonomía, pode integrar este programa educativo de acordo coa dispoñibilidade de espazos e a organización escolar que mellor se axuste ao desenvolvemento do mesmo.

Con carácter xeral, os docentes que formen parte do proxecto serán como mínimo 2, un dos cales actuará como persoa coordinadora e o resto como docentes participantes.

### Cuarto. *Solicitud e documentación*

Cada centro poderá enviar unha única solicitude segundo o documento anexo, asinada pola persoa directora do centro.

Esta solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:



1. Ficha resumo do proxecto onde se especifique como mínimo a seguinte información:
  - a. Persoa coordinadora e profesorado participante (nome, apelidos, especialidade e DNI)
  - b. Breve descrición do proxecto que se vai desenvolver no curso 2018/19: espazos que se utilizarán para instalar o equipamento, proposta de organización e actividades.
  - c. Breve informe sobre a experiencia do profesorado ou do centro participante en proxectos relacionados co fomento STEM ou proxectos de innovación educativa da nosa consellería.
  - d. De xeito opcional, a descrición das necesidades formativas dos docentes para levar a cabo o proxecto.
2. Certificado asinado pola persoa directora do centro de que o Claustro e o Consello Escolar foron informados e que acordan a súa participación nel, así como o compromiso de ambos os dous órganos para facilitar a posta en práctica do proxecto.

A solicitude (anexo) e a documentación débese presentar en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, tanto o anexo como a documentación remitiranse ao correo electrónico [espazostem@edu.xunta.es](mailto:espazostem@edu.xunta.es) nos prazos establecidos.

#### Quinto. *Prazos de solicitude*

O prazo de presentación de solicitudes e documentación finalizará o 28 de setembro de 2018.

#### Sexto. Criterios de selección

1. Proxecto que se desenvolverá: calidade, coherencia e viabilidade (ata 50 puntos).
2. Valorarase a presenza de docentes de diferentes disciplinas e a maior proporcionalidade respecto ao número total de docentes no centro que impartan docencia en secundaria ou bacharelato (ata 20 puntos).
3. Experiencia previa do centro ou dos docentes participantes en proxectos relacionados coa robótica, programación e fomento STEM desta consellería (ata 20 puntos).
4. Participación do centro en actividades de innovación educativa desta consellería (ata 10 puntos).



#### Sétimo. *Dotación material*

Cada centro docente seleccionado para desenvolver o programa recibirá unha dotación de material necesario para organizar o espazo Maker no centro.

Esta dotación estará formada polo seguinte equipamento:

- Equipo de procesado audiovisual formado por: estación de procesado, pantalla grande de calidade e 2 tabletas.
- Equipación audiovisual formada por: cámara dixital de foto e vídeo con obxectivos intercambiáveis e trípode, trípode de alta estabilidade, gravador de audio, cascos auriculares, sistema de gravación completo, equipo multifunción color tamaño A3, escaner 3D.
- Mobiliario metálico: carro para desprazar pequena equipación e banco de traballo ou superficie fixa de traballo para maquinaria.
- Pequena maquinaria e ferramenta formada por: trade eléctrico gran potencia e accesorio para uso en columna, trade de batería, mini trade de bricolaxe con set de consumibles e accesorio para uso en columna, lixadora delta e set completo de lixas de diferente grao e para materiais distintos, caladora con set completo de follas de corte, sistemas de aspiración de seco e húmido semiprofesional, cortadora-fresadora CNC, conxunto de ferramenta manual, soldador de estaño, conxunto de coitelos de precisión pistola de pegamento termofusible con consumibles, pistola de aire quente con consumibles, pistola de aire quente regulable e máquina de coser.

#### Oitavo. *Dotación económica*

Cada centro docente seleccionado nesta convocatoria recibirá 2.000 € e serán transferidos nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2018.

O importe concedido a cada centro deberase destinar a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas e imputables á participación nesta convocatoria e en ningún caso se utilizarán para adquisición de materiais inventariables.

Os gastos teñen que realizarse na súa totalidade antes do 31 de decembro de 2018. A xustificación consistirá nunha certificación emitida pola dirección do centro antes da mencionada data, na cal conste a relación de gastos, copias compulsadas das facturas e acreditación do seu pagamento. Dirixiranse á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado; Edificio Administrativa San Caetano, s/n, Bq. II, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela, ata o 31 de xaneiro de 2019.

A non entrega da xustificación do gasto no dito prazo poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, e o centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lles poidan exixir.



#### Noveno. *Comisión de selección*

A comisión de selección estará formada por:

Presidencia: subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado ou persoa en quen delegue.

Vogais:

Subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo ou persoa en quen delegue.

Xefa de servizo de Formación do Profesorado.

Unha persoa asesora do Servizo de Formación do Profesorado.

Dúas persoas asesoras da Subdirección de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, unha delas actuará como secretario/a.

#### Décimo. *Resolución*

A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos centros admitidos. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Os centros solicitantes dispoñen dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación na mencionada web, para realizar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e a seguir elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados.

O prazo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións desta resolución será de tres meses, e comezará a contar desde o día seguinte ao da data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, os/as interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación na web desta consellería, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



#### Décimo primeiro. *Avaliación do programa*

A persoa coordinadora deberá realizar unha memoria na que como mínimo se contemplen os seguintes apartados:

1. Introducción.
2. Profesorado participante (nome, apelidos e DNI), identificando a persoa coordinadora.
3. Proxecto realizado.
4. Conclusións.

Esta memoria enviarase antes do 15 de xullo de 2019 ao correo [espazosmaker@edu.xunta.es](mailto:espazosmaker@edu.xunta.es) e servirá para avaliar o cumprimento dos fins do programa e, de ser o caso, para os efectos de certificación.

#### Décimo segundo. *Compromisos do centro e do profesorado participante*

Os centros seleccionados colaborarán nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos dereitos de edición dos materiais educativos relacionados co desenvolvemento do programa no centro. Estes materiais difundiranse baixo a licenza “Creative Commons” que sexa *BY-NC-SA* que combine as propiedades “recoñecemento”-“non comercial”-“compartir igual”.

Ademais, os centros estarán integrados na rede de centros con orientación para o desenvolvemento das accións da Estratexia Galega de Educación Dixital 2020, STEMGal.

A persoa coordinadora poderá contar, no seu caso, con licenza de formación para o que recibirá o apoio e asesoramento da Rede de Formación do Profesorado.

O profesorado participante comprométese a participar na formación específica que se oferte durante o curso 2018/2019 e a contar cun Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) con esta liña específica.

#### Décimo terceiro. *Certificación do profesorado participante*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria certificará, segundo a normativa vixente, a participación do profesorado no proxecto “Espazos Maker” como actividade de innovación educativa previa avaliación positiva da memoria presentada, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e de 20 horas para o profesorado participante.



Décimo cuarto. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "Avaliación do sistema educativo", cuxo obxecto é xestionar este procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Edificio administrativo de San Caetano, s/n, Bq. II – 2º andar 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [sxoifp@xunta.es](mailto:sxoifp@xunta.es).

Santiago de Compostela, 8 de xuño do 2018

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa